

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE XUÑO DE DOUS MIL TRECE: - - - - -**

**PRESIDENTA:**

**D<sup>a</sup> Catalina González Bea**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez**
- D. Salvador Durán Bermúdez**
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel González Domínguez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D<sup>a</sup> María Deza Martínez**
- D. Constantino Sanmartín Quiñones**
- D<sup>a</sup> Almudena Aguíñ Fernández**
- D. Gonzalo Gonzalo Pita**
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Victoria González Serén**
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dulcinea Aguíñ Pombo**
- D. José Buezas Méndez**
- D. David Otero Domínguez**
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso**
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**

**NON ASISTE:**

**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cruz Barbeito Barreiro**

**INTERVENTOR:**

**D. José-Juan Vidal Vilanova**

**SECRETARIO :**

**D. Ángel Luís López Pita.**

---

---

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil trece, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D<sup>a</sup>. CATALINA GONZÁLEZ BEA,** reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----

-----

-----

**1º) PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2013. ORZAMENTOS SEPARADOS. CADRO DE PERSOAL.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 18 de xuño de 2013.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura a continuación a emenda ao proxecto de orzamento xeral para o ano 2013, de data do 25 de xuño de 2013, que a continuación se transcribe literalmente:

**“EMENDA AO “PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2013. ORZAMENTOS SEPARADOS. CADRO DE PERSOAL” DITAMINADO POLA COMISIÓN DE CONTAS, ASUNTOS ECONOMICOS E PATRIMONIO O DÍA 18 DE XUÑO DE 2013.**

O Sr. Interventor xeral do concello con data 25/06/13 presentou un informe adicional ao proxecto de orzamento para o 2013 que contiña as seguintes observacións adicionais:

“Celebrada a comisión de facenda e asuntos económicos que dictaminou o proxecto orzamentario para 2013 fanse as seguintes observacións adicionais:

1. Deuse conta á comisión da mesa de negociación cos representantes do persoal e sindicatos máis representativos respecto da cuestión do incremento retributivo ao persoal de protección civil conforme á catalogación de postos de traballo. Isto supón un aumento adicional de aproximadamente 1.000,00 euros en base anual e por posto de traballo, o que significa uns 15.000,00 euros/ano. Estes 15.000,00 euros non teñen sido contemplados nas aplicacións correspondentes do capítulo I do estado de gastos, nin na plantilla do orzamento inicial, polo que agora se incorpora unha nova, dilixenciada pola alcaldía-presidencia. Estes aumentos, que se entenden adaptados ao artigo 22 da Lei 17/2012 de 27 de decembro, supoñen a necesidade de aumentar en 15.000,00 euros estas aplicacións mediante calquera das mecánicas de xestión orzamentaria referidas na dilixencia anteriormente mencionada e de acordo ao que dispoñen as disposicións finais das bases de execución do proxecto orzamentario.
2. Corrección de erros aritméticos. Detectáronse uns erros aritméticos no anexo do estado de consolidación que, a continuación, pasamos a referir. Non se varían en forma algunha ningún dos estados de ingresos e gastos de cada un dos cinco orzamentos separados, polo que o erro aritmético detectado atópase no anexo do estado de consolidación da seguinte forma:
  - a. No sumatorio total dos orzamentos separados o importe global é de 35.879.666,09 euros. No estado de consolidación figuraba un céntimo menos, é dicir, 35.879.666,08 euros, polo efecto de establecer os sumatorios sen límite de número de decimais; sendo pois que, limitado o número a dous decimais é polo que se corrixe ese céntimo de euro antes reflectido.
  - b. Na columna de eliminacións, é dicir, as operacións entre entes que deben ser eliminadas para obter o orzamento consolidado final, incrementábase en 200.000,00 euros, xa que, inicialmente, se obviaron dúas transferencias específicas, unha de 150.000,00 euros ao O.A. Terra, para adquisición de terreos para colexio e outra de 50.000,00 euros ao O.A. Xerencia para proxecto de revisión do plan xeral. Polo tanto, as eliminacións internas pasan a ter unha contía de 4.674.220,21 euros fronte a 4.474.220,21 euros anteriores.
  - c. Polo tanto o importe final do orzamento consolidado pasa a ser de 31.205.445,88 euros, fronte aos 31.405.445,88 euros inicialmente reflectidos.

No informe económico-financieiro suprímese un parágrafo relativo á entidade mercantil Nauta Sanxenxo, S.L. que se refería á encomenda de xestión, que xa foi suprimida, da explotación das praias municipais.

A numeración das bases de execución do orzamento dispón de algunhas que, ou ben se omiten ou ben non teñen contido, coa finalidade de manter a numeración das de anos precedentes. En especial cítase a base 47ª, relativa a variacións de persoal, actualmente substituída por un anexo que figura ao final das bases de execución, así como no anexo de persoal do proxecto orzamentario.

Polo tanto corríxense os aspectos relacionados con estes erros aritméticos nos informes, memoria e bases e asemade no estado de consolidación; sendo que as versións iniciais, antes da corrección de erros, deben ser agora unidos (unha vez substituídos) á documentación anexa ao proxecto orzamentario e para constancia.””

Á vista do citado informe e dado que como consecuencia do mesmo se produce unha modificación no proxecto de orzamento ditaminado na comisión de contas, asuntos económicos e patrimonio de 18/06/13 é polo que utilizando a vía da emenda establecida no artigo 31.2 do Regulamento orgánico do concello, procedo a presentar emenda formal ao "Proxecto de orzamento xeral para o ano 2013. Orzamentos separados. Cadro de Persoal" no senso de incluír no citado proxecto de orzamento contido integro das observacións realizadas polo Sr. Interventor xeral no seu informe adicional de 25/06/13.""

**O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, resaltou que no propio pleno se trata de incluír unha partida de 150.000 euros para a compra de terreos do Colexio de Vilalonga, sen facilitar documentación. En canto ao proxecto de orzamentos o interviniente aludiu a que a Xerencia de Urbanismo tan só ingresou 195.000 euros, co que segue a decadencia deste organismo, que debía eliminarse, recordando que nesta área teñen que consignarse unhas importantes cantidades como consecuencia da sentenza do SU-13, mentres que ao asesor xurídico que non presentou o recurso, non se lle esixen responsabilidades. Tamén aludiu a que non se contemplan indemnizacións pola demolición de edificios na rúa Progreso e Canelas e cuestionou a prioridade das obras a realizar por "Nauta", ademais de que se inclúan cantidades sen saber a que estarán destinados estes gastos. En consecuencia trátase dun presuposto moi condicionado polo remanente de tesourería negativo e con medidas moi duras para tratar de cumprir a lei de estabilidade presupostaria, solicitando que cara ao futuro a oposición puidese participar na elaboración dos presupostos.

**A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que o concello estaba en quebra e que o orzamento, na realidade, o elaboraba o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e os funcionarios, cun endebedamento maior do concello e mais diminución de servizos, preguntándose cal é a parte política do orzamento. Continuou sinalando que se mantiñan as dedicacións exclusivas dos concelleiros do grupo de goberno e que a primeira decisión política a tomar era a supresión da Xerencia de Urbanismo, xa que, con só esta medida, se aforrarían 130.000 euros de aluguer. Tamén aludiu a cando podería saber a cantidade que lle debía ao concello "Espina & Delfín", posto que é un expediente que leva un ano dando voltas. A interviniente avogou pola xestión directa da recadación, co que se obtería un aforro de 635.000 euros, posto que a día de hoxe entendía que o concello tiña medios suficientes para asumila. Criticou que "Turismo de Sanxenxo" levase anos vivindo de fondos municipais, cando había que buscar a rendibilidade. Continuou dicindo que debía instarse a Costas do Estado para que fixera o dique que permitira rexer as praias de Lavapanos e Panadeira e propuxo que se fixera unha subasta pública do consumo da enerxía eléctrica, coa que se podería conseguir un aforro dun 20 ao 30% sobre o importe do consumo actual. Tamén sinalou que debía actualizarse o sobrevalorado patrimonio municipal do solo e que, coas medidas apuntadas e outras, como a implantación da zona azul, se obterían ingresos para destinalos a outros investimentos, como o arranxo do pavillón de A Florida ou a realización dun plan estratéxico de turismo. Por último especificou que tamén as xestións con outras administracións eran igual a cero, recordando a tal efecto o expediente do aparcadoiro da rúa Luis Rocafort ou o do Pazo de Quintáns, así mesmo manifestou a dificultade que para o concello tería nestes tempos obter 590.000 euros de venda do patrimonio municipal do solo.

**O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, especificou que aínda que este presuposto estaba lonxe dos orzamentos multimillonarios anteriores, o método de realización era igual, ao estar infladas previsións que non se ían dar. Trátanse de presupostos feitos para ir tirando como se poida, coa única finalidade electoralista de gañar tempo, sempre condicionados por un plan de estabilidade financeira que non se cumpriu e que obrigará a súa prórroga. No presuposto prevense actuacións que non son prioritarias neste momento, como a ampliación da Praza do Mar, co obxectivo de darlle volume a este documento. Considerou criticable que gastos que se prevén no presuposto non sexan dispoñibles e manifestou que o eixo principal do presuposto era facer fronte a indemnizacións

urbanísticas, sendo esa a dinámica na que estará este concello nos vindeiros anos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que pouco do manifestado ata o de agora polos concelleiros tiña que ver co punto da orde do día, botando en falta emendas da oposición para modificar os presupostos.

O **Sr. Guisasola Padín** explicou que a emenda aos presupostos é consecuencia do informe de intervención, á vista do que se tratou na mesa de negociación e o seu análise posterior, habéndose realizado xa as correccións oportunas. O interviniente sinalou que na actualidade os presupostos teñen que ser mais rigorosos e este cumpre coa regra de gasto, o teito de gasto, o plan de axuste e cóbrense os compromisos adquiridos, como a devolución de cantidades do SU-13, o investimento en “AquaNorte”, a financiación para a compra de terreos no Revel e para o estudo da revisión do PXOM, á parte de que tamén figuran cantidades para diversos investimentos e, en materia de persoal, incorporouse ao de limpeza e fixéronse algunhas modificacións en complementos específicos. O interviniente continuou indicando que se duplicaron os gastos en emerxencia social e tívose en conta os procedentes da nova gardería, todo elo sen incluír posibles subvencións doutros organismos que aínda non están confirmadas, polo que nas bases do presuposto figura a posibilidade de realizar os investimentos cando se reciban, recordando que, só o ano pasado, se obtiveron 650.000 euros en subvencións. Polo que respecta a cuestión de recadación, sinalou que se había producido unha diminución do 1.5 % nas porcentaxes que cobraba o ORAL por prestar o servizo.

O **Sr. Gonzalo Pita** resaltou que na mesa de negociación houbo alegacións feitas polos sindicatos respecto a horas extras de persoal, lamentou a falta de ideas para reducir o gasto e opinou que só faltaría que os orzamentos non cumpriran a normativa, cando había técnicos encargados de supervisalos. O interviniente preguntouse polas razóns de non xestionar directamente a recadación e considerou negativo que non se contestaran as alegacións que se fixeron a “AquaNorte”, tanto do seu grupo como do concello. Finalmente aludiu a que había que tratar de facer os presupostos a principios de ano.

A **Sra. Aguin Pombo** empezou manifestando que o que lle faltaba a estos presupostos era incumplir a lei e destacou a falta de diálogo e vontade política para negociar coa oposición diversos temas que afectan ao presuposto, como os propostos na súa anterior intervención, que seguramente recoñecen dende o goberno que son obvios e que podían mellorar coa negociación, podendo chegarse a un entendemento. No que respecta á recadación, independentemente do manifestado pola rebaixa do tipo que cobra a Deputación, o certo é que este ano o organismo provincial ingresou mais. Por último criticou que non houbose aínda balizamento nas praias e que o feito de que a esta altura non se confirmasen subvencións para Sanxenxo, era unha consecuencia da falta de xestión política.

O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que o concello está hipotecado, nun principio, ata o ano 2022 existindo no presuposto partidas non dispoñibles, co que se trata dun documento en branco, rescatando un parágrafo do informe de intervención que alude a posibilidade de que o concello poida ser intervido pola Administración Xeral do Estado. O interviniente aludiu a que estes orzamentos só valen para gañar tempo e veñen condicionados polas indemnizacións xudiciais.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** precisou que as emendas eran as vías para a modificación do presuposto e pola oposición non se presentou ningunha, tan só limítanse a expresar mensaxes xerais para facer política. Recordou que os presupostos son previsións en base ás que se pretenden ingresar determinadas cantidades e, neste, non se inclúen subvencións que, finalmente, se concederán, como todos os anos. O interviniente sinalou que as situacións que deron lugar a indemnizacións non veñen desta lexislatura, senón da época do anterior alcalde e na actualidade estase a facer un exercicio de responsabilidae. Por último dixo que era

lórico pagar os xuros do debido, como tamén se lles cobra aos veciños.

O **Sr. Guisasola Padín** recordou que na Comisión de Asuntos Económicos os representantes da oposición non dixeron nada, pero que está disposto a oílos, aínda que non esperen que lles chame. En canto ao informe de intervención, explicou que tiña 68 páxinas e só collían un parágrafo do mesmo, olvidándose do seu carácter favorable, por canto a alusión que realizaron estaba tan só para o caso de incumprir o plan de axuste, situación que hoxe en día non se está a producir, pedindo responsabilidade a oposición. O interviniente continuou dicindo que na actualidade non está fixada a responsabilidade patrimonial polos asuntos da rúa Progreso e de Canelas. No que afecta a supresión da Xerencia é un asunto importante a analizar, pero especificou que non pode ser contemplado unicamente dende o punto de vista económico porque, independentemente da existencia da Xerencia, alguén terá que seguir informando e tramitando os expedientes urbanísticos. En canto á débeda de “Espina & Delfín” estábanse a tramitar cinco expedientes que espera concluír antes de final de ano. Polo que respecta ao ORAL, recordou que este organismo funciona ben e que non só había que fixarse na recadación voluntaria, senón na executiva e razonou que, se a pesar da diminución do prezo que cobra o ORAL, se incrementou o pagamento a este organismo é porque houbo mais ingresos para o concello.

A **Sra. Alcaldesa** felicitou aos concelleiros do grupo de goberno polo esforzo que estaban a realizar para manter os servizos do concello dentro da situación de crise xeral, recordando que se abriu unha nova gardería e que no presuposto non existen ingresos por subvencións, co que todos os que se obteñan serán a maiores. Tamén preguntou onde está recollido que se vai facer algo a conta do patrimonio municipal do solo. A interviniente criticou que en comisión non se diga nada, se mande posteriormente un correo electrónico á oposición coa documentación e logo non fan o seu traballo. Considerou o presuposto un gran esforzo de xestión, incluíndo nel os diversos compromisos adquiridos en indemnizacións, como a de “Ferro Mesego”, que non foi de maior contía como consecuencia da decisión que tomou esta alcaldía de anular a licenza unha vez detectado un erro e nas devolucións de cantidades ingresadas, como a do SU-13 ou do ICIO, todo iso cumprindo cun plan de axuste.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a **emenda** a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 2 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).**

**Votos pola Abstención: 4 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou aprobar a emenda mais arriba transcrita, que se incorpora a proposta de aprobación do proxecto do presuposto.**

A **continuación a Sra. presidenta** procedeu a someter a votación a **proposta da alcaldía coa emenda recén aprobada incorporada**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 6 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Votos pola Abstención: 0**

En consecuencia o Pleno da Crporación pola maioría absoluta dos seus membros adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar o orzamento xeral consolidado do Concello de Sanxenxo para o ano 2013 que integra o da propia entidade local, o O.A. Terra de Sanxenxo, o O.A. Xerencia de urbanismo, a previsión da sociedade mercantil Nauta Sanxenxo e a previsión da sociedade mercantil Ínsula por un importe total de 31.205.445,88 euros en ingresos, e a 31.205.445,88 euros en gastos (despois de eliminacións internas), as eliminacións ascenden en termos legais de consolidación a 4.674.220,21 euros, co seguinte desglose:

### ESTADO DE INGRESOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	XERENCIA	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓN	CONSOLIDACIÓN
I. IMP. DIRECTOS	7.410.288,52	-	-	0,00	-	7.410.288,52		7.410.288,52
II. IMP. INDIRECTOS	470.074,52	-	-	0,00	-	470.074,52		470.074,52
III. TAXAS E OUTROS INGRESOS	5.448.991,26	810.121,67	195.498,14	2.892.431,82	-	9.347.042,89		9.347.042,89
IV. TRANSF. CORRENTES	3.755.172,72	3.221.731,05	1.449.489,16	10.000,00	3.000,00	8.439.392,93	4.674.220,21	3.765.172,72
V. INGRESOS PATRIMONIAIS	236.042,18	-	98,75	100,00	-	236.240,93		236.240,93
VI. ENAX. INV. REAIS	591.000,00	-	-	0,00	-	591.000,00		591.000,00
VII. TRANSF DE CAPITAL	-	-	-	6.385.626,30	-	6.385.626,30		6.385.626,30
VIII. ACTIVOS FINANCIEROS	-	-	-	0,00	-	-		-
IX. PASIVOS FINANCIEROS	-	-	-	3.000.000,00	-	3.000.000,00		3.000.000,00
TOTAL	17.911.569,20	4.031.852,72	1.645.086,05	12.288.158,12	3.000,00	35.879.666,09	4.674.220,21	31.205.445,88
CONTROL	-	-	-	-	-	-		-
DIFERENCIAS	17.911.569,20	4.031.852,72	1.645.086,05					
SUPERAVIT /DEFICIT					4.674.220,21	4.674.220,21		

### ESTADO DE GASTOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	XERENCIA	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓN	CONSOLIDACIÓN
I. GASTOS DE PERSONAL	4.088.171,18 €	1.894.829,49 €	478.345,33 €	472.500,00		6.933.846,00		6.933.846,00
II. GASTOS EN BENS CORR. E SERVC	7.090.953,38 €	1.699.297,60 €	461.937,84 €	778.302,07	3.000,00	10.033.490,89	3.000,00	10.030.490,89
III. GASTOS FINANCIEROS	562.689,98 €	9.917,71 €	696.802,88 €	72.222,02		1.341.632,59		1.341.632,59
IV. TRANSFER. CORRENTES	4.703.320,21 €	266.795,33 €	- €	271.961,50		5.242.077,04	4.521.220,21	720.856,83
VI. INVERSIONS REAIS	211.426,45 €	161.012,59 €	8.000,00 €	9.568.172,53		9.948.611,57	150.000,00	9.798.611,57
VII. TRANSFER DE CAPITAL	225.000,00 €	- €	- €	- €		225.000,00		225.000,00
VIII. ACTIVOS FINANCIEROS	- €	- €	- €	900.000,00		900.000,00		900.000,00
IX. PASIVOS FINANCIEROS	1.030.008,00 €	- €	- €	225.000,00		1.255.008,00		1.255.008,00
TOTAL	17.911.569,20	4.031.852,72 €	1.645.086,05 €	12.288.158,12	3.000,00	35.879.666,09	4.674.220,21	31.205.445,88
CONTROL		- €		12.288.158,12				
INGRESOS	- €	- €	- €	- €	- €	- €		
DIFERENCIAS	-17.911.569,20	- 4.031.852,72	-1.645.086,05	-12.288.158,12	-3.000,00	-35.879.666,09		

**SEGUNDO:** Aprobar o cadro de personal que figura como anexo do orzamento e que se aproba conxuntamente co orzamento de acordo co disposto no artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

**TERCEIRO:** Proceder á exposición pública do orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se insertará no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de reclamacións, entendéndose, definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran.--

**2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DA CORRECCIÓN DE OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA ENTIDADE LOCAL – LIQUIDACIÓN ANO 2012.** O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 18 de xuño de 2013 sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, sinalou que, aínda que o goberno municipal acaba de dicir que o concello cumpre co plan de estabilidade financeira, o certo é que existe un informe que precisa que non é así por varios motivos e, cando o interviniente ía realizar ao respecto unha pregunta, entrevistou a **Sra. Presidenta** para manifestarlle ao concelleiro no uso da palabra que tiña que desenvolver a súa intervención, pero non facer preguntas que non se teñen porque contestar. O Sr. **Gonzalo Pita** dixo que faría as preguntas que considerara oportunas e recalcou a importancia dos 583.000 euros do gasto extraxudicial, entendendo como aberrante o importante incremento do déficit, anunciando o voto en contra á proposta de ampliación da prórroga do plan, xa que logo serán os veciños os que terán que pagala con impostos.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, respecto da intervención da Sra. Alcaldesa no punto anterior da orde do día, destacou que a convocatoria lla entregaron o venres ás 15:30 horas da tarde, o luns aínda non estaba a documentación e a comisión foi o martes. No que respecta a súa alusión no anterior debate ao patrimonio municipal do solo, foi porque preguntou a orixe dunha partida de ingresos de convenio urbanístico de 591.000 euros e díxoselle que era con cargo ao citado patrimonio. A interviniente, xa con referencia a este punto, aludiu a que o informe de intervención se fixo como consecuencia dunha xestión política e así os 775.000 euros da sentenza son o seu froito e, aínda que procedía da época do alcalde anterior, a actual alcaldesa xa estaba no goberno municipal, todo consecuencia dun funcionamento erróneo en materia urbanística e dos seus asesores xurídicos, sen que se esixiran responsabilidades pola falta de presentación dun recurso.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, entendeu que, se polo goberno municipal se dixo que se cumpría con todo, entón retiraría este punto da orde do día. O certo é que se produciu un importante desvío do plan de axuste que ten que ver con decisións políticas, posto que as sentenzas non se poden considerar imprevistos, senón como unha consecuencia da concesión de licenzas en lugares onde non se debían dar, engadindo que, probablemente, esta mesma circunstancia se volvera a producir nun futuro.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que as previsións ás veces cambian como consecuencia de determinadas circunstancias, tendo que verse caso por caso porque se producen esas sentenzas condenatorias.

O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, aludiu en primeiro lugar a que se confundiu o incremento do déficit co límite esixido dentro do plan de estabilidade financeira e precisou que o incumprimento foi consecuencia de tres supostos excepcionais e non previsibles, como a devolución do ICIO a unha empresa que o solicitou dentro do prazo legal de catro anos, ao cumprimento obrigado dunha sentenza e, por último, a uns gastos extraxudiciais que son consecuencia do traballo día a día en todas as administracións e que na actualidade se está a reconducir ata ser case inexistente.

O Sr. **Gonzalo Pita** preguntou porque no se incluíron as facturas dos gastos extraxudiciais no plan de pago a provedores.

O Sr. **Guisasola Padín** matizou que non houbo polo concello suba de impostos e que non se puideron

incluír as facturas do recoñecemento extraxudicial porque, precisamente, estas tiñan que estar recoñecidas a 31 de decembro de 2011. O interviniente especificou que, sen esas circunstancias extraordinarias, o concello estaría con superávit, aludiu a que non sabían as medidas incluídas no plan de estabilidade financeira e que o interventor, no informe que se trouxo ao pleno, indicou que os presupostos cumprían as previsións do plan de axuste, documento no que se prohibe o pagamento de horas extraordinarias, que teñen que ser compensadas con tempo de traballo.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 6 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Votos pola Abstención: 0**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“Que no que respecta ao ente entidade local, e como consecuencia da avaliación da estabilidade presupostaria efectuada na liquidación do exercicio de 2.012 (da que se dou conta ao Pleno, xunto co informe de avaliación), se manteña a eficacia do PEF 2.011-2.013 para este exercicio debidamente conciliado co Plan de Axuste, en canto ao marco orzamentario plurianual e as medidas a adoptar de carácter correctivas. Todo elo dado o cumprimento en termos consolidados.”-----

**3º) DACIÓN CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN XERAL CUMPRINDO OS ARTIGOS 4.3 E 5.4 DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2013.**

**“CONCELLO DE SANXENXO”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2013
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	134,72	96,45	7,00	12.409,86	30,00	837.002,19
Art. 21	213,78	171,49	1,00	58,30	62,00	60.765,97
Art. 22	198,49	160,77	13,00	11.865,81	759,00	816.075,89
Art. 23	37,00	7,00	0,00	0,00	1,00	21,10
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	431,87	386,18	0,00	0,00	10,00	183.164,99
				<b>24.333,97</b>		<b>1.897.030,14</b>



			<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
						<b>0,00</b>
CONCELLO			<b>Pendiente de pago</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	47,09	17,09	0,00	0,00	6,00	251.940,14
Art. 21	302,13	258,78	0,00	0,00	50,00	79.649,82
Art. 22	191,83	156,80	1,00	726,00	435,00	314.687,40
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				<b>726,00</b>		<b>646.277,36</b>
CONCELLO			<b>Pendiente de reconocimiento</b>			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	716,51		252,00	527.720,92		
Cap. 6	675,62		2,00	32.785,75		
				<b>560.506,67</b>		

**OA “TERRA DE SANXENXO”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	1	AÑO	2013
TERRA	<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	

	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	218,52	180,64	1,00	1.470,91	13,00	128.962,77
Art. 21	273,61	233,12	0,00	0,00	48,00	14.690,24
Art. 22	242,92	202,75	2,00	1.322,08	401,00	892.875,12
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	280,21	240,21	0,00	0,00	10,00	84.939,87
				<b>2.792,99</b>		<b>1.121.468,00</b>
			<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						<b>0,00</b>
TERRA			<b>Pendiente de pago</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	149,60	109,44	0,00	0,00	6,00	75.597,87
Art. 21	1.074,44	1.030,64	0,00	0,00	3,00	865,23
Art. 22	148,29	108,30	0,00	0,00	22,00	158.903,92
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				<b>0,00</b>		<b>235.367,02</b>
TERRA			<b>Pendiente de reconocimiento</b>			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	29,76		131,00	372.163,11		

Cap. 6	381,03		2,00	17.490,00		
				<b>389.653,11</b>		

**OA “XERENCIA DE URBANISMO”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2013
XERENCIA			<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	73,00	50,25	1,00	1.674,99	4,00	6.699,96
Art. 21	132,00	92,00	0,00	0,00	1,00	173,99
Art. 22	178,85	142,98	3,00	958,24	31,00	47.473,37
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	55,00	25,00	0,00	0,00	1,00	89,90
				<b>2.633,23</b>		<b>54.437,22</b>
			<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
						<b>0,00</b>
XERENCIA			<b>Pendiente de pago</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21						
Art. 22	49,28	19,28	0,00	0,00	2,00	1.043,89
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				<b>0,00</b>		<b>1.043,89</b>

XERENCIA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	89,98		6,00	30.777,87		
Cap. 6						
				<b>30.777,87</b>		

**“NAUTA SANXENXO, S.L.”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2013
NAUTA			<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	15,65	10,64	90,00	38.983,41	22,00	8.051,07
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
<b>Total</b>				<b>38.983,41</b>		<b>8.051,07</b>
NAUTA			<b>Pendiente de pago</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	39,31	28,71	20,00	49.095,12	2,00	50.176,16
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
<b>Total</b>				<b>49.095,12</b>		<b>50.176,16</b>

**“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2013
INSULA			<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	

	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	19,47	0,00	3,00	218,34	0,00	0,00
Inmovilizado (2)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Sin desagregar						
<b>Total</b>				<b>218,34</b>		<b>0,00</b>
INSULA			<b>Pendiente de pago</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Inmovilizado (2)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Sin desagregar						
<b>Total</b>				<b>0,00</b>		<b>0,00</b>

**“TURISMO SANXENXO, S.L.”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	1	AÑO	2013		
TURISMO	<b>Pagos realizados en el trimestre</b>					
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago			
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	230,29	208,00	3,00	453,75	1,00	5.900,00
Inmovilizado (2)	950,00	900,00	0,00	0,00	1,00	14.160,00
Sin desagregar						
<b>Total</b>				<b>453,75</b>		<b>20.060,00</b>
TURISMO	<b>Pendiente de pago</b>					
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago			

	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	276,81	245,16	0,00	0,00	5,00	26.124,95
Inmovilizado (2)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Sin desagregar						
Total				<b>0,00</b>		<b>26.124,95</b>

A corporación deuse por entereirada.-----

**4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA “MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CENTROS CULTURAIS MUNICIPAIS”.** O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 18 de xuño de 2013 sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, mostrouse decepcionado pola tardanza na tramitación do regulamento e polo propio texto do mesmo que, ademais, non resolverá o problema existente que se produce nunha casa de cultura, a de Adina, que non está construída para conciliar un espazo diáfano onde facer actividades, cun bar, posto que, para ir a este, hai que pasar polo medio dos lugares onde se realizan as actividades. O interviniente tamén evidenciou o seu desacordo coa exclusión de actividades deportivas no regulamento, podendo dar lugar a discusión en algún caso se se trata dunha actividade cultural ou deportiva.

O Sr. **Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, votou de menos que non se tivera en conta á hora de redactar este regulamento aos colectivos que utilizan os centros culturais no día a día. Continuou dicindo que se levou unha cafetería a unha casa cultural cos problemas de salubridade que pode haber como consecuencia do alcohol e do tabaco, que non se debían permitir neste tipo de instalacións. O que debía facerse era rescindir o contrato da cafetería e dar o servizo con máquinas. Por último dixo que este regulamento se publicará e se lle farán alegacións.

A **Sra. Alcaldesa** puntualizou que os diversos colectivos participaron e opinaron na redacción deste regulamento.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que xa había un regulamento e preguntouse que cambiou para ter que modificalo. O feito é que existe unha concesión para unha cafetería nun edificio destinado á cultura e isto cambiou a relación entre o goberno municipal e unha asociación en concreto, ata o punto de que os representantes desta se sinten enganados e piden a dimisión e o cese de diversos concelleiros, sobre todo porque entenden que se utiliza este regulamento para ir contra alguén. O interviniente dixo que había actividades culturais incompatibles cun tipo de negocio como o de bar e agora se produce un conflito, posto que a superficie dedicada ao referido negocio quita espazo para a realización de actividades e todo elo por un intento de sufragar determinados gastos de mantemento do centro cultural. Finalmente manifestou que era seguro que se ían producir alegacións.

A **Sra. Alcaldesa** volveu intervir para puntualizar que non se pode manipular a información e que o dito no seu día, cando a inauguración do centro cultural de Adina, era que este estaba a disposición dos

veciños.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, precisou que só se fala dun centro cultural, cando este regulamento afecta a todos os existentes no concello e que non se pode confundir vender tabaco con fumar no local, manifestando que, se se fan alegacións, haberá que estudalas.

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que se tardou moito en redactar a modificación do regulamento porque houbo que actualizar o anterior e se tiveron reunións para que os diversos colectivos usuarios das instalacións presentaran as súas inquietudes e se puidesen recoller para tratar de chegar a un consenso, sempre coa idea de que este regulamento era para todos os centros culturais. Recordou que con respecto ao regulamento anterior, cambiou que agora hai mais centros culturais, mais demandas de asociacións e de actividades a realizar.

O **Sr. Gonzalo Pita** apreciou a contradición polo feito de que habendo mais actividades a desenvolver exista menos espazo como consecuencia da existencia da cafetería, engadindo que este tipo de negocio é incompatible coa realización de determinadas actividades. Tamén recalcou que a eliminación das actividades deportivas vai ter graves consecuencias en todos os centros culturais.

O **Sr. Buezas Méndez** aludiu a que non estaba en contra da existencia dun regulamento de funcionamento destes centros, pero se a que existiran cafeterías neles ocupando espazos que se podían utilizar, todo co obxectivo de aforrar gastos que podían ser sufragados incluso cun canon e precisou que no de Adina se vende alcohol e que neste tipo de centros hai que facilitar a súa utilización polos diversos colectivos.

O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que o referido por el respecto dos colectivos que utilizan o Centro Cultural de Adina e as súas relacións co goberno municipal, non só non se rebate senón que, ao seu xuízo, se confirma polo dito neste pleno e a continuación manifestou que, se se aplica este regulamento a todos os centros culturais, incluído o de Vilalonga, se pregunta que vai pasar con determinadas actividades que alí se practican e que co novo regulamento non se poderán realizar.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** precisou que todo o mundo poderá facer as alegacións que considere conveniente, tendo en conta as particularidades de cada centro e reiterou que se está cinguindo a discusión a un centro cultural cando este regulamento afecta a todos.

A **Sra. Lago Martínez** indicou que os centros culturais teñen espazos pechados nos que non é adecuada a celebración de actividades deportivas.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 4 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

**Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO:** aprobar inicialmente a modificación do **REGULAMENTO XERAL DE CENTROS CULTURAIS MUNICIPAIS E O SEU ANEXO DE “SERVIZOS MUNICIPAIS**

**BIBLIOTECARIOS**”, no que afecta tan só ao **REGULAMENTO XERAL DE CENTROS CULTURAIS MUNICIPAIS**, que se achega a esta proposta e que consta de **11 artigos**.

**SEGUNDO:** expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o expediente, para os efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobada a modificación no caso de que estas non se producisen.

**TERCEIRO:** a presente modificación deste regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o texto íntegro do **REGULAMENTO XERAL DE CENTROS CULTURAIS MUNICIPAIS** no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-----“

**5º) PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE ADHESION AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O ESTABLECEMENTO DUN SERVIZO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 25 de xuño de 2013 sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou que se trataba dun servizo cun abaratamento de custo, polo que ían votar a favor da proposta.

A Sra. **Agúín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, logo de dicir que ían votar a favor da proposta, dixo que había un contrato en vigor cunha empresa que acaba de resolverse e que o tempo lles deu a razón, posto que o 8 de febreiro de 2.012 presentaron, por rexistro de entrada, un documento poñendo de manifesto unha serie de deficiencias na empresa que naquel momento prestaba o servizo, posteriormente dende o concello requiriuse información á consellería competente da Xunta de Galicia que manifestou a existencia dunha serie de incidencias e logo abriuse un expediente, co informe do Consello Consultivo, que finalizou na declaración de nulidade de contrato porque se adxudicou o servizo sen que a empresa tivese toda a documentación en regra, producíndose deixadez e falta de responsabilidade na xestión municipal.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que ía votar a favor da proposta, pero non porque crese que a Deputación Provincial fose a prestar o mellor servizo e recordou que este proxecto comezou na propia Mancomunidade do Salnés, que non puido desenvolvelo por ela mesma.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que foi a propia Concellería de Medio Ambiente municipal a que consultou á Xunta de Galicia sobre a empresa contratada para a prestación do servizo, dende o ámbito autonómico contestaron vagamente e houbo que voltar facer a consulta, que finalmente se respondeu, tramitando a continuación o expediente. O interviniente tamén manifestou as súas dúbidas de que polo organismo provincial se faga un bo servizo, polo número de laceiros dos que se parece dispor, esperando equivocarse neste comentario.

A Sra. **Agúín Pombo** sinalou que non cría en casualidades e explicou que o contrato coa empresa era de 20 de decembro de 2011, o escrito do PSOE do 08 de febreiro de 2012 e a Concellería de Medio Ambiente pediu información o 23 de febreiro de 2012, recordando que dende o ente autonómico se indicou que, en setembro de 2.011, se impuxo unha sanción de 1.500 euros á referida empresa por



entender que tiña infraccións graves e o Consello Consultivo de Galicia, o 23 de xaneiro de 2013, explicou que a empresa, para contratar co concello, debería contar con autorizacións que non tiña. A interviniente concluíu que o **Sr. Rodríguez Lorenzo** actuou porque o partido socialista presentou a denuncia e nunca reconecerá que se equivocou, actuando con irresponsabilidade na súa xestión.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que o expediente nace a raíz da denuncia dunha asociación e de diversos mensaxes dirixidos ao blog do seu partido, explicando que persoalmente foi a canceira e cando finalmente a Consellería de Medio Ambiente informou que a referida empresa non estaba capacitada para realizar esa actividade, foi cando se tramitou o expediente cos diversos pasos que lle corresponden, explicando que neste tema os políticos actúan en base aos informes técnicos para a adxudicación do contrato.

A **Sra. Alcaldesa** precisou que a empresa foi adxudicataria do servizo no ano 2000 e que este era o seu terceiro contrato, polo que estaban no convencemento de que tiñan toda a documentación en regra, en medio dos anteriores contratos tamén se fixo outro cunha segunda empresa e engadiu que o anterior contratista, no último procedemento aberto, presentou a documentación esixida e resultou adxudicatario, sen que se puidese aventurar que non estaba capacitado para realizar o servizo. A raíz da denuncia dunha protectora de animais solicitouse informe á Xunta e, unha vez evacuada a consulta, a concello tramitou o correspondente expediente, que rematou facía uns días coa declaración de nulidade do contrato. A interviniente indicou que o concello sempre tivo a idea de optar por unha canceira mancomunada, primeiro no Salnés e agora da Deputación, polo que se trae o convenio para a súa aprobación.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO: adherir o Concello da Sanxenxo ao Convenio Marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e as entidades locais desta provincia**, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para o establecemento dun servizo de acollida de animais de compañía abandonados, remitido a este concello mediante escrito da Deputación de data 27 de xullo de 2012 e rexistrado de entrada neste concello o 6 de agosto de 2012, co número 5790.

**SEGUNDO: delegar a favor da Deputación Provincial de Pontevedra as competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de acollida de animais de compañía abandonados**, incluída a resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados no exercicio das competencias delegadas, exceptuando desta delegación os poderes de policía e de carácter sancionador que o ordenamento xurídico lle atribúe e que seguirá conservando este concello. A delegación de competencia é para a totalidade deste termino municipal, terá plenos efectos dende a adxudicación da prestación do servizo por parte da Deputación e estenderase ata a finalización do período contractual establecido para o mesmo.

**TERCEIRO: adquirir o compromiso de realizar as achegas económicas que, como contraprestación lle corresponda ao Concello de Sanxenxo**, expedindo cada ano un certificado da existencia de crédito suficiente para facer fronte a esas obrigas.

**CUARTO: facultar a Sra Alcaldesa-Presidenta D<sup>a</sup> Catalina González Bea, para a sinatura de cantos documentos fosen necesarios para a execución deste acordo.**-----”

**6º) PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE URBANISMO DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS E DOS PROCEDEMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 18 de xuño de 2013 sobre esta proposta.

A Sra González Serén, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, manifestou que votarían a favor da proposta xa que, canto mais regulado estea o trámite de concesión de licenzas, menos problemas haberá para os usuarios e para a administración, esperando que serva esta ordenanza para a axilización da tramitación dos expedientes.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dixo que votaría a favor da proposta e esperaba que servese para conseguir unha maior axilidade no concello.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, entendeu que esta ordenanza non tiña porque producir unha mellora e simplificación dos trámites e, polo contrario, pode preverse a existencia de conflitos porque xa, ás veces, sucede, en licenzas como as de primeira ocupación, que os promotores se exceden do concedido e no futuro é previsible que, coa filosofía de ir facendo e logo tramitando, esta situación poida dar lugar a mais problemas. Neste senso a directriz europea de declaración responsable pode dar aparencia de axilidade, pero na práctica pode existir a problemática que xa citou.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, aludiu que o petionario tiña que ter responsabilidade e saber que non pode infrinxir e logo ir á legalización, senón declarar o que realmente vai facer.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, resaltou que esta ordenanza regulamentará a tramitación do procedemento das licenzas, formalizando a declaración de responsabilidade, dando maior seguridade a todos os intervinientes no proceso e acortando algúns prazos. En canto ao manifestado respecto de que se propicia un incumprimento, aludiu a que tiña que haber un exercicio de responsabilidade dos veciños e explicou que na actualidade xa existe xente que vai a xerencia con expectativas que non se poden cumprir e que, por iso, se tarda tanto na tramitación dalgúns expedientes.

O Sr. Otero Domínguez, explicou que todos sabían que había certo comportamento dos promotores para modificar na execución das obras o proxecto e que, o feito de que o trámite vaia por detrás da obra, pode dar lugar a mais problemas sen conseguir axilidade.

*Neste intre auséntase da sesión o Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo.*

A Sra. Alcaldesa manifestou que con esta ordenanza se adaptaba a tramitación da concesión de licenzas a actual normativa.

Ao non producirse máis intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Mixto e Sra. Agúin Pombo, do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

**Votos en contra: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Votos pola Abstención: 1 (Sr. Buezas Méndez do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO:** aprobar inicialmente a “Ordenanza reguladora do procedemento de tramitación de licenzas urbanísticas e dos procedementos de intervención administrativa no exercicio de actividades”.

**SEGUNDO:** someter o expediente a información pública e audiencia ós interesados, coa publicación do anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOP) e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestión. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso do órgano plenario.-----”

**7º) PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE URBANISMO DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 3 DO PXOM DE SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 18 de xuño de 2013 sobre esta proposta.**

A **Sra. González Serén, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que votarían a favor da proposta.

*Neste intre auséntase da sesión o Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.*

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, indicou que votarían a favor da proposta.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, excepto o Sr. Guisasola Padín, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Votos pola Abstención: 1 (Sr. Guisasola Padín do Grupo Municipal do Partido Popular por ausentarse da sesión no momento da votación).**

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO:** prestar aprobación provisional á Modificación Puntual nº 3 do PXOM de Sanxenxo, integrada polo documento técnico denominado “Texto Refundido da Modificación Puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal”, redactado en data 7 de xuño de 2013 por D. Rafael Vázquez Abal, D. José Manuel Rey Rial e D. Juan Lorenzo Ramírez.

**SEGUNDO:** consonte ó disposto no art. 85.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, remítase o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, para que proceda, no seu caso, a aprobar definitivamente a Modificación Puntual nº 3 do PXOM de Sanxenxo.-----  
-----”

E non habendo máis asuntos dos que tratar a presidencia da por rematada a sesión sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o que, eu secretario dou fe: